

CEP CARLOS CASARES



Proyecto E-Dixgal

Curso 2020/2021



SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROXECTO EDIXGAL

Convocatoria 2020/21

CEP Carlos Casares. Alxén (Salvaterra de Miño)

1. Breve introdución descritiva do contexto do centro.....	2
2. Xustificación da solicitude.....	3
3. Tecnoloxía e velocidade da conexión á rede do centro educativo.....	4
4. Compromiso de utilizar aulas dixitalizadas.....	5
5. Experiencia educativa coas TIC no centro.....	5
6. Modelo organizativo e metodolóxico previsto para o desenvolvemento do proxecto e para garantir a súa continuidade.....	6
7. Designación da persoa coordinadora do proxecto.....	7
8. Procedemento de avaliación interna do desenvolvemento do proxecto.....	7

1. INTRODUCCIÓN DESCRIPTIVA DO CONTEXTO DO CENTRO

O **noso centro** está situado no concello de Salvaterra de Miño, en Paxariñas-Grixó- Alxén, tratándose, polas súas características xeofísicas dun centro de ámbito rural e sen un número elevado de alumnado.

Neste curso conta con 6 unidades de 1º a 6º de Educación Primaria. Ten 5 mestras de Educación Primaria e 10 especialistas: Música, Educación Física, Inglés, Relixión, Francés, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e Orientación. A mestra de Relixión e a Orientadora son compartidas co CRA A Lagoa e a especialista en Audición e Linguaxe co “CEIP Nosa Señora da Merced” de As Neves. A mestra de música pertence ao claustro do CEIP de Leirado. Temos este curso, 2019/2020, un PT Preferente e unha mestra de AL a tempo total.

En total atende a 75 familias e temos escolarizados a 82 alumnos e alumnas distribuídos do seguinte xeito:

1º EP: 16 alumnos/as, 2º EP: 9 alumnos/as, 3º EP: 18 alumnos/as, 4º EP: 13 alumnos/as, 5º EP: 15 alumnos/as e 6º EP: 11 alumnos/as.

A maioría do alumnado procede do CRA A Lagoa, fundamentalmente das aulas de A Besada, Cabreira e Arantei.

O centro conta cunhas boas instalacións para facer fronte ás diferentes situacións do quefacer diario, posuíndo aulas suficientes para os distintos grupos, dirección, departamento de orientación, aulas de PT e AL, un salón de actos, un pequeno ximnasio, biblioteca de centro, aula de inglés, aula de informática, aula de música, emisora de radio escolar e aula de convivencia creada no curso 2018/19.

Oferta os servizos de Transporte Escolar e dende o curso 2018/2019 de Aula Matinal. O horario é de 9:40 a 14:40 h con xornada única.

Distribución dos espazos:

No primeiro andar atópanse: as aulas de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria, ademais da biblioteca, aula de informática, aula de PT, emisora de radio escolar, aula de inglés e aseos do alumnado para esa planta.

Na planta baixa atópanse: Sala de mestres/as, aula de música, aula de material de educación física, aula de 1º e 2º de Educación Primaria, almacén de material, fotocopiadora, baños dos mestres/as, baños para o alumnado, aula de AL, departamento de orientación, despacho de dirección, aula de convivencia, salón de actos e aula matinal.

O patio: O Centro conta con espazos destinados a patios de xogo. Os alumnos/as gozan dun patio moi amplo con cancha de baloncesto, fútbol e zona de xogos (parque infantil e casiña), un patio cuberto e unha zona de árbores e zona verde, dende este curso contamos cun patio inclusivo.

Pista cuberta e ximnasio: As dúas instalacións utilízanse para impartir as clases de EF. Durante o tempo do recreo tamén se usa a pista cuberta.

2. XUSTIFICACIÓN DA SOLICITUDE

O noso modelo educativo camiña cara un traballo máis competencial, axudados pola formación do profesorado a través do PFPP que mantemos dende hai varios cursos. Sen dúbida a competencia dixital é a menos abordada cando menos dun xeito sistemático. Pensamos que este proxecto complementaría ese aspecto ofrecendo maiores posibilidades de traballo coas TIC ao alumnado e tamén máis formación neste campo ao profesorado.

Tamén nos anima a solicitalo o feito de prescindir do libro de texto en papel e ademais poder crear máis comodamente contidos dixitais, alumnado e profesorado, ampliando as fontes de información á rede e aos recursos compartidos.

No noso centro a materia de libre configuración ofertada polo centro para o alumnado de 4º e 6º é Informática: investigación e tratamento da información.

O resto do alumnado acode, mínimo, unha vez á semana á aula de Informática para recibir aulas de manexo básico do ordenador, procesador de textos, elaboración de presentacións, vídeos,...

O último pulo para presentar esta solicitude para participar no Proxecto Educativo Dixital (Edixgal), foi a situación de alerta sanitaria e de estado de Alarma, que nos obrigou ao confinamento nas casas. Fíxose evidente a brecha dixital no noso alumnado, tanto pola falla de dispositivos para poder facer as tarefas e participar nas videoconferencias co seu profesorado como polas deficiencias técnicas para poder conectarse á internet.

3. TECNOLOXÍA E VELOCIDADE DA CONEXIÓN Á REDE DO CENTRO EDUCATIVO

O colexio utiliza internet por cable e dispón da tecnoloxía wifi das “Escolas Conectadas”, instalada hai dous cursos, coas características que oferta esta iniciativa.

Os noso equipamento é o seguinte:

Pizarras dixitais con proxector: 3, nas aulas de 4º, 5º e 6º.

Aulas con proxector e pantalla: 1º, 2º, 3º, aula de Música, aula de Inglés, aula de informática e biblioteca.

Ordenadores para profesorado: 2 en sala de profesores, os correspondentes a secretaría, dirección e orientación, o de xestión da Biblioteca e un en cada aula (compartido co alumnado) e un na aula de informática.

Ordenadores para uso do alumnado: 12 sobremesa (bastante obsoletos) e 2 portátiles na aula de informática e un portátil na emisora de radio.

Robótica: Utilizamos oito escornabots na aula de informática.

Tamén dispoñemos de cámara de vídeo e fotografía e unha gravadoras dixital.

Solicitóuselle á UAC os datos de conexión do centro e estes son os datos facilitados:

Liña principal: ADSL 2 x ADSL || Baixada: 4M Subida: 0.5M

Liña secundaria: 3G 3G || Baixada: 5M Subida: 1M

4. COMPROMISO DE UTILIZAR AULAS DIXITALIZADAS

As aulas de 5º e 6º de Primaria foron dotadas no seu momento co kit de aula dixital (EDI, proxector e ordenador), que se estivo utilizando dende entón na actividade docente cotiá nesas dúas aulas.

Polo tanto a nosa intención é seguir utilizando os mesmos equipamentos e as mesmas aulas actuais.

5. EXPERIENCIA EDUCATIVA COAS TIC NO CENTRO

Nos últimos anos deseñamos e desenvolvemos tarefas integradas, nun tratamento interdisciplinario do currículo, nas que as diversas producións do alumnado son a canle de moitas aprendizaxes. As producións tecnolóxicas son cada vez máis abordadas polo profesorado poñendo en mans do alumnado propostas de creación utilizando procesador de texto, presentacións dixitais, gravación de son ou ferramentas en liña. Mantemos unha canle en Youtube para os vídeos, utilizamos google drive para traballo colaborativo do profesorado e dispomos de repositorios de contidos nos blogs de Biblioteca, EDLG e das aulas.

Dentro das tarefas integradas tratamos de seleccionar en todos os niveis estándares avaliábeis que traten a competencia dixital. E no día a día de cada aula o uso de internet e da biblioteca escolar complementa a información dos libros de texto con materiais en formatos diversos, aínda que aí é onde temos a maior oportunidade de mellora con este proxecto.

A programación de formación de usuarios da biblioteca e alfabetización informacional inclúe contidos relacionados co uso crítico e responsable da rede, como os dereitos de autor á hora de buscar información ou imaxes e a selección de páxinas adecuadas para os seus traballos.

Os traballos do alumnado desenvólvense nos ordenadores da aula de informática ou nos da aula, utilizando na maioría dos casos estruturas de traballo cooperativo.

Aínda que nas familias o contacto coas Tecnoloxías da Información e Comunicación é bastante desigual por razóns socioeconómicas, pensamos que a nosa escola é un elemento compensador, de xeito que, en maior ou menor medida todo o alumnado ten contacto con elas e vai avanzando no seu uso razoable para aprender e comunicarse.

Proxectos do centro: Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares dende o curso 2019/2020 e Erasmus +.

6. MODELO ORGANIZATIVO E METODOLÓXICO PREVISTO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO E PARA GARANTIR A SÚA CONTINUIDADE

O noso modelo organizativo de funcionamento habitual está centrado nas reunións dos coordinadores de equipos docentes (TIC, Biblioteca, EDLG e Complementarias) para integrar programas dos equipos e posteriormente co profesorado para facer achegas e levar as propostas de traballo ás programacións de aula.

Pensando na nosa integración no proxecto EDIXGAL será preciso destinar un tempo para reunións periódicas do equipo de nivel de 5º nas que integremos pautas de traballo en todas as materias e uso da plataforma por parte de todo o profesorado implicado, que se deberá ir formando no uso deste novo recurso, ampliando o noso Plan de Formación.

E pensando na necesaria continuidade do proxecto convidaremos ao profesorado interesado a unirse e tomar contacto co novo xeito de traballar na aula, a participar na formación e experimentar determinadas propostas.

Ao mesmo tempo faremos unha avaliación continuada do desenvolvemento coa finalidade de detectar dificultades, adaptar, mellorar e diversificar se é preciso.

En canto ao desenvolvemento curricular na aula deseñaranse tarefas encamiñadas á realización de produtos finais, a través de buscas de información, procesamento da mesma, actividades e exercicios que se precisen para acadar os obxectivos de aprendizaxe. Os perfís competenciais que temos elaborado son a nosa guía para avaliar.

No primeiro ano trataríamos de reunir recursos, estratexias e programacións de secuencias didácticas que poidan servir aos cursos posteriores.

A presenza e participación das familias tamén deberá ser tida en conta, con reunións para dar a coñecer o proxecto e acompañar ao alumnado no proceso.

7. DESIGNACIÓN DE PERSOA COORDINADORA DO PROXECTO

A persoa coordinadora sería Francisca Alonso Brito, mestra con destino definitivo e con experiencia en uso das TIC, a quen se lle asignarían previsiblemente 2 horas semanais para o desenvolvemento desta función.

8. PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN INTERNA DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Para a avaliación continuada do proxecto utilizaremos os seguintes indicadores e os instrumentos para determinar o nivel de logro.

Deste xeito poderemos detectar as debilidades e fortalezas para actuar en consecuencia.

	Indicadores de logro	Instrumentos
--	----------------------	--------------

Alumnado	Interese e motivación no traballo cotiá Avances no coñecemento e destrezas coas TIC Actitude responsable no uso dos materiais Mellora nas avaliacións ordinarias	Portfolio dixital Rexistro de observacións Rúbricas
Profesorado	Grao de satisfacción co traballo docente Avances no uso persoal das TIC Deseño de tarefas que impliquen o uso das TIC Grao de cohesión do equipo docente de 5º nivel	Escalas de valoración Rexistro de observacións
Familias	Coñecemento do programa Participación e asistencia ás reunións Actitude responsable cos materiais proporcionados Grao de satisfacción co programa	Entrevistas Escalas de valoración

En canto á competencia dixital do alumnado guiarémonos polo perfil competencial que temos elaborado, aplicando os instrumentos que se decidan no equipo docente.